

**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS
E TECIDOS, A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN
UNIVERSITARIA E GADISA RETAIL S.L.U. PARA A CONVOCATORIA DO I
CONCURSO DE CARTEIS PARA ESCOLARES RELACIONADO COA DOAZÓN E OS
TRANSPLANTES**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a entidade Gadisa Retail, S.L.U. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura e até o 31 de xullo de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre as partes, para levar a cabo a convocatoria do I Concurso de carteis para escolares relacionado coa doazón e os transplantes, dirixido ao alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria e primeiro ciclo de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) para o curso escolar 2017-2018. O concurso terá como tema “a doazón e os beneficios do transplante de órganos e tecidos”, co fin de promover a sensibilización social de maneira responsable sobre a doazón, entendida como un acto voluntario e altruísta. Poderá participar nel o alumnado de 5º e 6º de educación primaria e primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria (ESO) de todos os centros educativos, tanto sostidos con fondos públicos coma privados, da Comunidade Autónoma Galega.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

A Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, como entidade pública instrumental adscrita á Consellería de Sanidade, ten entre as súas competencias a de realizar actividades informativas e formativas para os/as profesionais, para as asociacións de

persoas enfermas e organizacións civís e para a poboación xeral, en materia de doazón de sangue, medula ósea, sangue de cordón umbilical, órganos e tecidos e o seu uso, así como promover a participación activa, no marco da responsabilidade social corporativa, de institucións, organismos e empresas de Galicia, nas políticas de promoción da doazón de sangue, órganos e tecidos. En concreto, a Área de Órganos, Células e Tecidos da axencia é a responsable de coordinar a política de doazón e transplante de órganos e tecidos de aplicación en humanos nos centros sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, así como de realizar actividades formativas tanto para persoal sanitario coma non sanitario en materia de doazón e transplante de órganos e tecidos. Entre as súas funcións está a de informar e difundir acerca da doazón e transplantes de órganos e tecidos dirixido ás administracións e institucións sanitarias, profesionais, asociacións e, en especial, ao público en xeral a través de campañas de sensibilización social a favor da doazón, charlas divulgativas no ámbito escolar, información telefónica, o calquera outra, así como a elaboración e difusión de material divulgativo e didáctico.

Pola súa banda, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia da planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, así como a coordinación do sistema universitario.

Ambas consellerías, xunto con Gadisa Retail, S.L.U, están interesadas en colaborar, aproveitando os seus recursos, para fomentar a doazón de órganos e tecidos, concienciando deste tipo de doazón e o deseño de intervencións informativas dirixidas á infancia e xuventude co obxecto de mellorar a opinión da doazón e os transplantes de órganos e tecidos, co fin de permitirlles tomar unha decisión propia e que sexan transmisores informados dos coñecementos adquiridos sobre a doazón no seu ámbito de influencia familiar, social, e académico, polo que acordaron subscribir o citado convenio.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto



Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

